Para aprobar non se podería ter cero en ningún dos apartados.

- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Avaliaranse os seguintes elementos:

Traballo: ponderará un **30%** da nota media da avaliación. Os traballos dene ser entregados no prazo estipulado e correctamente cumplimentados (completos).

Probos orais e escritas (exames, controis): os exames valoraranse entre cero e dez (**0-10**) e ponderarán o **70%** da nota da avaliación. Farase a media aritmética de todos os exames realizados na avaliación sempre que a nota de cada un deles sexa como mínimo un catro (4). Por debaixo do 4 ese exame debe ser recuperado.

O número de controis ao longo da avaliación será segundo o criterio do profesor.

Consideracións:

- 1-Nas recuperación das avaliacións, en xuño e en setembro, a nota será a obtida no exame correspondente.
- 2- Despois da 1ª e 2ª avaliación farase unha recuperación aos alumnos que non a superaron. En cada recuperación entrará toda a materia desa avaliación, independentemente de que houbo algún control aprobado.
- 3- Os alumnos con 1 ó máis avaliacións suspensas presentaranse a unha proba final en xuño, Será necesario obter un 5 na devandita proba.
- 4- Se a materia non fose superada en xuño, realizarase unha proba extraordinaria en setembro que versará sobre todos os contidos impartidos no curso. Será necesario obter un 5 na devandita proba e presentar as actividades propostas polo profesor para o verán.
- 5- Se un alumno falta a algún control, só se lle repetirá se o primeiro día de volta a clase trae un xustificante médico ou similar. En ningún caso admitirase un xustificante dos pais. Este control poderáo facer o día que se realice o último control da avaliación. Se a falta correspondese a este último día, será o profesor o que decidirá a data para realizar ese exame.
- 6- É fundamental aclarar que o sistema de avaliación continua non significa que aprobando a terceira avaliación apróbase todo o curso. Devandito sistema fai referencia a que se realizará un seguimento continuo do alumno ao longo de todo o curso, sendo imprescindible que teña o tres avaliacións aprobadas para superar a materia.

7. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE

Para aqueles alumnos que teñan as Ciencias Naturais pendentes ou a Bioloxía de 3ºESO, este departamento dispón o seguinte:

2 exames:

1. O 1º en Xaneiro-Febreiro
2. O 2º en Maio

Farase a **media aritmética** dos dous exames sempre que a **nota mínima** de cada un deles sexa a lo menos un **catro (4)**, sendo a puntuación dos mesmos entre cero (0) e dez (10). O **aprobado** sitúase nua puntuación de **cinco (5)**. Aqueles alumnos que non aproben o primeiro examen virán ó segundo con toda a materia.

Antes destas probas, entregarase o alumno/a un **conxunto de actividades** que serán corrixidas e devoltas de novo ós alumnos/as. O alumno/a debe **completar as actividades** e entregarllas ó profesor **para ter dereito a que se lle avalíe o exame**. Este boletín sería confeccionado e corrixido polo profesor que lle impartira a materia en colaboración co xefe de departamento. As datas anteriores son comunicadas ó titor de pendentes que logo en colaboración co xefe de estudos coordinará se son posibles.

A cualificación das materias pendentes sería da seguinte maneira:

4. A nota dos **exames** pondera un **60%**
5. **Actividades** debidamente cumplimentadas ponderan un **40%**

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro texto de Bioloxía e Xeoloxía de 4º de ESO. Ed. Anaya
- Material impreso revistas, prensa, publicacións, etc.
- Vídeos didácticos, que faciliten a comprensión dos procesos externos, así como a dinámica interna do planeta.
- Diapositivas das diferentes formas do relevo.
- Mapas topográficos da zona a distintas escalas.
- Papel milimetrado para a realización dos cortes topográficos.
- Brúxulas de campo, para a realización dunha práctica de orientación.
- Esquemas e debuxos de bloques e cortes xeolóxicos, para súa interpretación.

- Esquemas, debuxos, fotografías, vídeos didácticos que faciliten o estudo e comprensión dos temas de división celular e xenética.
- Material de laboratorio, microscopios, lupas, ect.
- Recursos informáticos.

9. TEMAS TRANSVERSAIS

- Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre individuos e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e entre os grupos sociais pertencentes a nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes da nosa.
- Análise crítico dos valores culturais da nosa sociedade.
- Recoñecemento do diálogo como medio para resolver as discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflito, tanto interpersoais como sociais.
- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista que se dan na actualidade.
- Sensibilización polos elementos físicos e biolóxicos do medio natural.
- Respeto a las opiniones y creencias de las otras personas.
- Educación para a saúde.
- Educación do consumidor.
- Educación moral e cívica.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Participación nas actividades programadas pola Aula da Natureza Lauro Olmo na "Semana da Natureza"

- Participación na recollida e clasificación de cogomelos para unha exposición das mesmas no Centro.
- Actividades propostas dende o Concello ou outras institucións, que sexan de interese para os alumnos.
- Participación no Proxecto Ríos, proposto por ADEGA.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os/as alumnos/as con adaptacións curriculares permanecen habitualmente na aula ordinaria durante as clases de Ciencias Naturais. Por tanto, a profesora deberá adaptar as actividades ao nivel de adaptación curricular de cada un deles. Intentará que o traballo programado para cada un/unha deles/as facilite a súa integración na aula relacionándoo, ao máximo, coas actividades e os centros de interese nos que se ocupan o resto dos seus compañeiros.

Os/as alumnos/as con deficiencias específicas que non requiran a realización dunha adaptación curricular, realizarán actividades de repaso adaptadas á corrección das deficiencias observadas.

2º BACHARELATO

BIOLOXÍA

1. OBSECTIVOS XERAIS DO CURSO

O coñecemento da Bioloxía a este nivel tratará de que os alumnos/as poidan desenvolver-las capacidades seguintes:

- a) Comprender os principais conceptos da Bioloxía celular e molecular e a súa articulación en leis, teorías e modelos valorando o papel que desempeñan no desenvolvemento da mesma, chegando a utiliza-la linguaxe científica axeitada.
- b) Aplicar os coñecementos da Bioloxía na interpretación de fenómenos e na resolución de problemas e situacións da vida cotiá.
- c) Ter certa autonomía nas estratexias características da investigación científica (considerar problemas, formular e contrastar hipóteses, planificar deseños experimentais, etc.) utilizando os procedementos propios da Bioloxía para simular pequenas investigacións de xeito teórico (mediante o ordenador), en problemas complexos, facendo uso da práctica nos sinxelos.
- d) Comprender as limitacións da Bioloxía, así como a interacción coa tecnoloxía e a sociedade e valora-los aspectos da investigación científica como camiño para mellora-la calidade de vida.
- e) Ter capacidade de confrontar diferentes formas de información para opinar e criticar sobre os diferentes problemas relacionados coa Bioloxía.
- f) Comprender que a Bioloxía é un proceso dinámico que está sometido ós cambios da propia ciencia, e mostrar unha actitude aberta e flexible fronte a opinións diversas.
- g) Comprender as leis e os mecanismos da herdanza, partindo de que a célula é a unidade estrutural e funcional dos seres vivos.
- h) Destacar, nunha escala dimensional, o papel dos microorganismos en relación cos demais seres vivos e nos procesos industriais.

2. COMPETENCIAS

-Comunicación lingüística(CCL):

Desde a materia de Ciencias da Terra utilízase una terminoloxía formal que permitirá aos alumnos incorporar ista linguaxe e os seus termos para úsalos nos intres adecuados coa suficiente propiedade. Asemade, a comunicación dos resultados de investigación e outros traballos que fagan favorecen o desenvolvemento dista competencia. As leturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán a familiarización e o uso da linguaxe científica

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):

Estas son as competencias fundamentais da materia e para desenvolverlas, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigación, atopar solucións, análise de resultados, etc

-Competencia dixital (CD):

Fomentárase a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información lingüística. A utilización das tecnoloxías da información para comunicarse, reecabar información, retroalimentala, obtención e tratamento de datos, te. É un recurso útil no campo das Ciencias da Terra que contribúe a amosar una visión actualizada da actividade científica

-Aprender a aprender (CAA):

A adquisición desta competencia se fundamenta no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, análise, dotes de observación,, iniciativa, creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma

-Competencias sociais e cívicas (CSC):

A aportación a esta competencia faise co traballo en grupo na resolución de actividades e co traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, solidariedade, e respecto cara as opinión dos demais. Así mesmo, o coñecemento científico é una parte imprescindible de cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formarse una opinión baseada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico

-Iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Achégase esta competencia dende a formulación de hipóteses ata a obtención de conclusións, xa que para elo é necesario a elección de recursos, planificación metodolóxica, resolución de problemas e a revisión permanente dos resultados. Isto favorece a iniciativa persoal e a motivación polo traballo organizado e con iniciativas propias

-Conciencia e expresión cultural (CCEC):

As Ciencias da Terra, mediante a elaboración de modelos que representan aspectos da natureza, a observación, a apreciación da beleza natural, a contemplación da paisaxe, ect, contribúe a conquistar habilidades pláticas que desenvolven a conciencia e as expresións culturais fomentando a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos

3. CONTIDOS (BOLQUES/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE) TEMPORALIZADOS POR EVALUACIÓN**1ª AVALIACIÓN (SETEMBRO-DECEMBRO)****Bloque 1. A base molecular e fisicoquímica da vida**

- B1.1. Compoñentes químicos da vida. Concepto de bioelemento. Tipos, propiedades e funcións dos bioelementos.
- B1.2. Os enlaces químicos e a súa importancia en bioloxía.
- B1.3. Biomoléculas: concepto, clasificación e técnicas de separación
- B1.4. Biomoléculas inorgánicas. Estrutura e propiedades fisicoquímicas da auga que a fan unha molécula imprescindible para a vida. Funcións dos sales minerais.
- B1.5. Fisisicoquímica das dispersións acuosas. Difusión, osmose e diálise
- B1.6. Biomoléculas orgánicas: concepto, clasificación, estrutura, propiedades e funcións biolóxicas de glúcidos, lípidos, proteínas e ácidos nucleicos.
- B1.7. Encimas: concepto, clasificación, propiedades e funcións. Catálise enzimática. Activación e inhibición enzimática. Alosterismo.
- B1.8. Vitaminas: concepto, clasificación e funcións.

Bloque 2. A célula viva. morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular

- B2.1. A célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos. Teoría celular.
- B2.2. Evolución dos métodos de estudo das células. Preparación e procesamento das mostras para a observación ao microscopio óptico e electrónico.

- B2.3. Morfoloxía celular. Composición, estrutura, funcións e propiedades das envolturas e dos orgánulos celulares.
- B2.4. Modelos de organización celular en procariotas e eucarióticas. Células animais e vexetais
- B2.5. Observación microscópica de células procariotas e eucariotas tanto animais como vexetais.

2ª AVALIACIÓN (XANEIRO-MARZO)

- B2.6. Ciclo celular.
- B2.7. División celular. Mitose en células animais e vexetais.
- B2.8. Meiose. Necesidade biolóxica da meiose para a reprodución sexual. Importancia da reprodución sexual na evolución dos seres vivos.
- B2.9. Observación de células en mitose. Estudo das fases da división celular.
- B2.8. Meiose. Necesidade biolóxica da meiose para a reprodución sexual. Importancia da reprodución sexual na evolución dos seres vivos
- B2.10. Importancia da membrana nos fenómenos de transporte. Tipos de transporte. Endocitose e exocitose.
- B2.11. Introducción ao metabolismo: catabolismo e anabolismo.
- B2.12. Reaccións metabólicas: aspectos enerxéticos e de regulación.
- B2.13. Respiración celular: o seu significado biolóxico. Orgánulos celulares implicados no proceso respiratorio.
- B2.14. Diferenzas entre as vías aeróbicas e anaeróbicas.
- B2.15. As fermentacións e as súas aplicacións. Observación do proceso de fermentación mediante lévedos.
- B2.16. Fotosíntese: localización celular en procariotas e eucarióticas. Etapas do proceso fotosintético. Balance global.
- B2.17. Importancia biolóxica da fotosíntese.
- B2.18. Quimiosíntese.

Bloque 3. Xenética e evolución

- B3.13. Xenética mendeliana. Teoría cromosómica da herdanza. Determinismo do sexo e herdanza ligada ao sexo e influída polo sexo.
- B3.1. Xenética molecular. Importancia biolóxica do ADN como portador da información xenética. Concepto de xene.
- B3.2. Replicación do ADN. Etapas da replicación. Diferenzas entre o proceso replicativo entre eucarióticas e procariotas.
- B3.3. ARN: tipos e funcións.

3ª AVALIACIÓN (MARZO-MAIO)

- B3.4. Fluxo da información xenética nos seres vivos.
- B3.5. Expresión dos xenes. Transcrición e tradución xenéticas en procariotas e eucarióticas. O código xenético na información xenética
- B3.6. Resolución de problemas de xenética molecular.
- B3.7. Regulación da expresión xénica.
- B3.8. Mutacións: tipos. Axentes mutaxénicos.
- B3.9. Mutacións e cancro.
- B3.10. Implicacións das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.
- B3.11. Enxeñaría xenética. Principais liñas actuais de investigación. Organismos modificados xeneticamente.
- B3.12. Proxecto xenoma: repercusións sociais e valoracións éticas da manipulación xenética e das novas terapias xénicas.
- B3.14. Evidencias do proceso evolutivo.
- B3.15. Darwinismo e neodarwinismo: teoría sintética da evolución.

- B3.16. Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución.
- B3.17. A mutación e a recombinación xénica como procesos que xeran cambios e adaptacións. Principios da selección natural.
- B3.18. Evolución e biodiversidade.
- B3.19. Proceso de especiación. Modelos de especiación.

Bloque 4. O mundo dos microorganismos e súas aplicacións. Biotecnoloxía

- B4.1. Microbioloxía. Concepto de microorganismo. Microorganismos con organización celular e sen ela.
- B4.2. Virus, outras formas acelulares e partículas infectivas subvirais. Bacterias. Fungos microscópicos. Protozoos. Algas microscópicas.
- B4.3. Observación microscópica de protozoos, algas e fungos.
- B4.4. Métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización.
- B4.5. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos.
- B4.6. Microorganismos nos ciclos xeoquímicos.
- B4.7. Microorganismos como axentes produtores de doenzas.
- B4.8. Biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía.
- B4.9. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores.

Bloque 5. O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións

- B5.1. Concepto actual de inmunidade. Sistema inmunitario. Defensas internas inespecíficas.
- B5.2. Inmunidade específica: características e tipos (celular e humoral). Células responsables.
- B5.3. Identificación de células inmunitarias mediante a súa observación.
- B5.4. Mecanismo de acción da resposta inmunitaria. Memoria inmunolóxica.
- B5.5. Antíxenos e anticorpos. Estrutura dos anticorpos. Formas de acción. A súa función na resposta inmune.
- B5.6. Reacción antíxeno-anticorpo: tipos e características.
- B5.7. Inmunidade natural e artificial ou adquirida. Soros e vacinas. A súa importancia na loita contra as doenzas infecciosas.
- B5.8. Disfuncións e deficiencias do sistema inmunitario. Alerxias e inmunodeficiencias.
- B5.9. Sistema inmunitario e cancro.
- B5.10. A SIDA e os seus efectos no sistema inmunitario.
- B5.11. Doenzas autoinmunes.
- B5.12. Anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética.
- B5.13. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - COMPETENCIAS CLAVE
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE	ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
B L O Q U E 1	BB1.1. Describe técnicas instrumentais e métodos físicos e químicos que permiten o illamento das moléculas e a súa contribución ao grande avance da experimentación biolóxica.	CAA CMCCT	Responde correctamente cuestións sobre o tema.	PE
	BB1.1.2. Clasifica os tipos de bioelementos relacionando cada un coa súa proporción e coa súa función biolóxica.	CAA	Fai esquemas clasificando os bioelementos segundo a súa proporción nos seres vivos., indicando algunha función biolóxica.	PE
	BB1.1.3. Discrimina os enlaces químicos que permiten a formación de moléculas inorgánicas e orgánicas presentes nos seres vivos.	CMCCT CD	Recoñece e fai representacións dos enlaces químicos que aparecen nas principais biomoléculas inorgánicas e orgánicas.	PE
	BB1.2.1. Relaciona a estrutura química da auga coas súas funcións biolóxicas.	CAA	Responde a cuestións e fai esquemas relacionando as biomoléculas ca súas funcións biolóxicas.	PE
	BB1.2.2. Distingue os tipos de sales minerais, e relaciona a composición coa función.	CMCCT	Fai esquemas clasificando as sales minerais s en solubles e insolubles en auga, indicando as principais funcións biolóxicas de cada tipo.	PE
	BB1.2.3. Contrasta e realiza experiencias dos procesos de difusión, osmose e diálise, e interpreta a súa relación coa concentración salina das células.	CMCCT CAA CD	Explica en que consisten os procesos de ósmose, diálises e difusión. Resolve cuestións relacionando os procesos coa concentración salina nas células.	PE
	BB1.3.1. Recoñece e clasifica os tipos de biomoléculas orgánicas, e relaciona a súa composición química coa súa estrutura e coa súa función.	CAA CSIEE	Recoñece en esquemas as distintas biomoléculas, describe os seus compoñentes químicos, grupos funcionais, enlaces, etc. Completa táboas de biomoléculas indicando a súa función biolóxica.	PE

	BB1.3.2. Deseña e realiza experiencias identificando en mostras biolóxicas a presenza de moléculas orgánicas.	CSIEE CMCCT	Realiza prácticas no laboratorio identificando cualitativamente biomoléculas.	PE
	BB1.3.3. Contrasta e relaciona os procesos de diálise, centrifugación e electroforese, e interpreta a súa relación coas biomoléculas orgánicas.	CAA CMCCT CD	Responde correctamente cuestións sobre o tema.	PE
	BB1.4.1. Identifica os monómeros e distingue os enlaces químicos que permiten a síntese das macromoléculas: enlaces O-glicosídico, enlace éster, enlace peptídico e enlace O-nucleosídico.	CMCCT CD	Representa a unión entre monosacáridos, aminoácidos, e ácidos graxos con alcoholes. Representa estruturas de nucleótidos, indicando os enlaces.	PE
	BB1.5.1. Describe a composición e a función das principais biomoléculas orgánicas.	CCL	Representa e recoñece a estrutura das distintas biomoléculas. Responde correctamente a cuestións sobre composición, funcións e propiedades das diferentes biomoléculas.	PE
	BB1.6.1. Contrasta o papel fundamental dos encimas como biocatalizadores, e relaciona as súas propiedades coa súa función catalítica.	CAA CMCCT	Define correctamente a función dos biocatalizadores. Responde correctamente a cuestións sobre a función catalítica dos encimas. Realiza gráficos explicando a cinética enzimática.	PE
	BB1.7.1. Identifica os tipos de vitaminas asociando a súa imprescindible función coas doenzas que prevenen.	CAA CCEC	Responde cuestións clasificando as vitaminas en liposolubles e hidrosolubles, e relacionándoas coa Doenzas debidas a hipo ou hipervitaminose.	PE
	BB2.1.1. Compara unha célula procariota con unha eucariótica, e identifica os orgánulos citoplasmático presentes nelas.	CAA CMCCT CD	Debuxa células eucariotas e procariotas e pon nome as diferentes estruturas. Completa esquemas de diferentes tipos de células.	PE
	BB2.2.1. Esquematiza os orgánulos citoplasmáticos e recoñece as súas estruturas.	CSIEE	Debuxa ou recoñece en esquemas a estrutura de diferentes orgánulos celulares, pon o nome as partes da ultraestrutura dos mesmos.	PE
	BB2.2.2. Analiza a relación entre a composición química, a estrutura e a ultraestrutura dos orgánulos celulares, e a súa función.	CSIEE CAA	Responde cuestións relacionando os orgánulos celulares e a súa función.	PE

B L O Q U E 2	BB2.3.1. Identifica as fases do ciclo celular, e explica os principais procesos que acontecen en cada unha.	CCL CD	Representa mediante esquemas o ciclo celular. Responde a cuestións sobre o que acontece nas diferentes etapas.	PE
	BB2.4.1. Recoñece en microfotografías e esquemas as fases da mitose e da meiose, e indica os acontecementos básicos que se producen en cada unha.	CAA CMCCT CD	Recoñece e ordena as fases da mitose e meiose. Representa mediante debuxos as fases dos dous procesos. Responde a cuestións sobre os dous procesos.	PE
	BB2.4.2. Establece as analogías e as diferenzas máis significativas entre mitose e meiose.	CAA CSIEE	Responde a cuestións sobre os dous procesos.	PE
	BB2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.	CAA CCL CMCCT	Responde a cuestións relacionando a meiose coa formación de gametos. Explica correctamente por qué a reprodución sexual aumenta a variabilidade xenética e como esta inflúe na evolución das especies.	PE
	BB2.6.1. Compara e distingue os tipos e os subtipos de transporte a través das membranas, e explica detalladamente as características de cada un.	CAA CCL CSIEE	Representa mediante debuxos o transporte de pequenas e macromoléculas a través da membrana plasmática.	PE
	BB2.7.1. Define e interpreta os procesos catabólicos e os anabólicos, así como os intercambios enerxéticos asociados a eles.	CAA CSIEE CCL	Reponde correctamente a cuestións sobre os procesos catabólicos e anabólicos .	PE
	BB2.8.1. Sitúa, a nivel celular e a nivel de orgánulo, o lugar onde se produce cada un destes procesos, e diferencia en cada caso as rutas principais de degradación e de síntese, e os encimas e as moléculas máis importantes responsables dos devanditos procesos.	CAA CMCCT	Recoñece en esquemas as principais rutas catabólicas e anabólicas. Reponde cuestións correctamente.	PE
	BB2.9.1. Contrasta as vías aeróbicas e anaeróbicas, e establece a súa relación co seu rendemento enerxético.	CMCCT	Responde correctamente cuestións. Fai representacións esquemáticas.	PE
	BB2.9.2. Valora a importancia das fermentacións en numerosos procesos industriais, e recoñece as súas aplicacións.	CCEC CSC	Responde correctamente cuestións.	PE

	BB2.10.1. Identifica e clasifica os tipos de organismos fotosintéticos.	CAA CSIEE	Fai esquemas e identifica os distintos grupos de organismos fotosintéticos.	PE
	BB2.10.2. Localiza a nivel subcelular onde se leva a cabo cada fase, e destaca os procesos que teñen lugar.	CAA	Debuxa o cloroplasto visto a microscopio electrónico e pon nome as diferentes partes. Indicando en que estruturas teñen lugar as distintas fases da fotosíntese.	PE
	BB2.11.1. Contrasta a importancia biolóxica da fotosíntese para o mantemento da vida na Terra.	CSC CCEC	Responde correctamente a cuestións Sobre a fotosíntese, relacionando o proceso co papel que xogan os produtores na cadea trófica.	PE
	BB2.12.1. Valora o papel biolóxico dos organismos quimiosintéticos.	CCEC	Responde cuestións	PE
B L O Q U E 3	BB3.1.1. Describe a estrutura e a composición química do ADN, e recoñece a súa importancia biolóxica como molécula responsable do almacenamento, a conservación e a transmisión da información xenética.	CCL CSC CCEC	Representa e recoñece a estrutura da molécula de ADN, indicando o tipo de pentosa, as diferentes bases que forman os nucleótidos . indica os enlaces fosdiéster e as unións entre as cadeas de nucleótidos. Responde correctamente cuestións.	PE
	BB3.2.1. Diferenza as etapas da replicación e identifica os encimas implicados nela.	CAA CMCCT	Responde correctamente cuestións. Representa mediante esquemas o proceso de replicación.	PE
	BB3.3.1. Establece a relación do ADN co proceso da síntese de proteínas.	CAA CMCCT	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.4.1. Diferencia os tipos de ARN e a función de cada un nos procesos de transcrición e tradución.	CAA	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.4.2. Recoñece e indica as características fundamentais do código xenético, e aplica ese coñecemento á resolución de problemas de xenética molecular.	CAA CMCCT	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.5.1. Interpreta e explica esquemas dos procesos de replicación, transcrición e tradución.	CD CMCCT	Responde correctamente cuestións. Fai esquemas relacionando e representando os procesos.	PE

BB3.5.2. Resolve exercicios prácticos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.	CMCCT	Responde correctamente cuestións. Transcribe e traduce correctamente fragmentos de ADN. Utiliza correctamente o código xenético.	PE
BB3.5.3. Identifica e distingue os encimas principais relacionados cos procesos de transcrición e tradución.	CAA CD	Responde correctamente cuestións	PE
BB3.6.1. Describe o concepto de mutación e establece a súa relación cos fallos na transmisión da información xenética.	CCL	Responde correctamente cuestións.	PE
BB3.6.2. Clasifica as mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes.	CAA CSC	Responde correctamente cuestións	PE
BB3.7.1. Asocia a relación entre a mutación e o cancro, e determina os riscos que implican algúns axentes mutaxénicos.	CAA CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
BB3.7.2. Destaca a importancia das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	CAA CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
BB3.8.1. Resume e realiza investigacións sobre as técnicas desenvolvidas nos procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos.	CSIEE CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
BB3.9.1. Recoñece e indica os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética, e valora as súas implicacións éticas e sociais.	CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
BB3.10.1. Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.	CAA CMCCT	Responde correctamente cuestións Resolve problemas aplicando a xenética mendeliana.	PE
BB3.11.1. Argumenta evidencias que demostran o feito evolutivo.	CSIEE CCL	Responde correctamente cuestións	PE

	BB3.12.1. Identifica os principios da teoría darwinista e neodarwinista, e compara as súas diferenzas.	CAA	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.13.1. Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas.	CMCCT	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.13.2. Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.	CAA CMCCT CSIEE	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.14.1. Ilustra a relación entre mutación e recombinación, o aumento da diversidade e a súa influencia na evolución dos seres vivos.	CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
	BB3.15.1. Distingue tipos de especiación e identifica os factores que posibilitan a segregación dunha especie orixinal en dúas especies diferentes.	CCEC CAA	Responde correctamente cuestións	PE
B L O Q U E 4	BB4.1.1. Clasifica os microorganismos no grupo taxonómico ao que pertencen.	CSIEE	Responde correctamente cuestións Fai esquemas clasificando os microorganismos	PE
	BB4.2.1. Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relaciónaas coa súa función.	CSIEE	Responde correctamente cuestións Recoñece en fotografías ou debuxos os diferentes microorganismos.	PE
	BB4.3.1. Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica.	CD CMCCT	Responde correctamente cuestións	PE
	BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	CCL CMCCT	Responde correctamente cuestións Fai esquemas representando os ciclos xeoquímicos.	PE
	BB4.5.1. Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan.	CSC CD	Responde correctamente cuestións	PE
	BB4.6.1. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións	CAA CCEC CSC CMCCT	Responde correctamente cuestións	PE
	BB4.6.2. Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial.	CCEC CSC	Responde correctamente cuestións	PE

		CMCCT		
	BB4.6.3. Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio.	CD CMCCT	Responde correctamente cuestións	PE
B L O Q U E 5	BB5.1.1. Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria.	CAA CSIEE	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.	CCL	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.3.1. Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria.	CAA	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.4.1. Define os conceptos de antixeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos.	CCL CAA	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.5.1. Clasifica os tipos de reacción antixeno-anticorpo e resume as características de cada un.	CAA	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.6.1. Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros.	CAA	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.7.1. Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias.	CCL CSIEE	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.	CAA CD CCL	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.9.1. Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde.	CSIEE CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.10.1. Recoñece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais.	CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE

	BB5.10.2. Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan.	CAA CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE
	BB5.10.3. Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue.	CSC CCEC	Responde correctamente cuestións	PE

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A ciencia é unha actividade sometida a continua revisión, con aplicación directa tanto no manexo da linguaxe científica como na vida cotiá para contribuír á formación de persoas informadas e críticas, con capacidade á hora de valorar as diferentes informacións e decidir ó respecto. Para acadar isto, unha vez exposto o tema polo/a profesor/a realizaranse actividades prácticas adecuadas ós contidos, así como lecturas de libros de divulgación e artigos científicos. Interpretación de esquemas, textos, gráficos, prácticas de laboratorio, vídeos de divulgación científica, etc.

6. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. A base molecular e fisicoquímica da vida

- Determinar as propiedades fisicoquímicas dos bioelementos que os fan indispensables para a vida. Relacionar os enlaces químicos coa súa importancia biolóxica.
- Argumentar as razóns polas que a auga e os sales minerais son fundamentais nos procesos biolóxicos.
- . Recoñecer e identificar os tipos de moléculas que constitúen a materia viva, e relacionalos coas súas respectivas funcións biolóxicas na célula.
- . Identificar os tipos de monómeros que forman as macromoléculas biolóxicas e os enlaces que os unen.
- Determinar a composición química e describir a función, a localización e exemplos das principais biomoléculas orgánicas.
- Comprender e diferenciar a función biocatalizadora dos encimas, con valoración da súa importancia biolóxica.
- Sinalar a importancia das vitaminas para o mantemento da vida.

Bloque 2. A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular.

- Establecer as diferenzas estruturais e de composición entre células procariotas e eucarióticas.
- . Interpretar e identificar a estrutura dunha célula eucariótica animal e dunha vexetal, representar os seus orgánulos e describir a súa función.
- Analizar o ciclo celular e diferenciar as súas fases.
- Distinguir e identificar os tipos de división celular, e desenvolver os acontecementos que teñen lugar en cada fase.
- Argumentar a relación da meiose coa variabilidade xenética das especies.
- Examinar e comprender a importancia das membranas na regulación dos intercambios celulares para o mantemento da vida, e realizar experiencias sobre a plasmolise e a turxescencia.
- Comprender e diferenciar os procesos de catabolismo e anabolismo, e establecer a relación entre ambos.
- Describir as fases da respiración celular, identificando rutas e produtos iniciais e finais.
- Diferenciar a vía aeróbica da anaeróbica.
- Pormenorizar os procesos que teñen lugar en cada fase da fotosíntese.
- Xustificar a importancia biolóxica da fotosíntese como proceso de biosíntese, individual para os organismos pero tamén global no mantemento da vida na Terra.
- Argumentar a importancia da quimiosíntese.

Bloque 3. Xenética e evolución

- Analizar o papel do ADN como portador da información xenética.
- Distinguir as etapas da replicación e os encimas implicados nela.
- Establecer a relación do ADN coa síntese de proteínas.
- Determinar as características e as funcións dos ARN.
- . Elaborar e interpretar esquemas dos procesos de replicación, transcripción e tradución, e a regulación da expresión xénica.
- . Definir o concepto de mutación e distinguir os principais tipos e axentes mutaxénicos.
- Relacionar mutación e cancro. Destacar a importancia das mutacións na evolución das especies.
- Desenvolver os avances máis recentes no ámbito da enxeñaría xenética, así como as súas aplicacións.
- Analizar os progresos no coñecemento do xenoma humano e a súa influencia nos novos tratamentos.
- Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas, e establecer a relación entre as proporcións da descendencia e a información xenética.
- Diferenciar evidencias do proceso evolutivo.
- Recoñecer e diferenciar os principios da teoría darwinista e neodarwinista.
- Relacionar o xenotipo e as frecuencias xénicas coa xenética de poboacións e a súa influencia na evolución.
- Recoñecer e indicar a importancia da mutación e a recombinación como motores da evolución.
- Analizar os factores que incrementan a biodiversidade e a súa influencia no proceso de especiación.

Bloque 4. O mundo dos microorganismos e súas aplicacións. Biotecnoloxía

- Diferenciar os tipos de microorganismos en función da súa organización celular.
- Describir as características estruturais e funcionais dos grupos de microorganismos.
- Identificar os métodos de illamento, cultivo e esterilización dos microorganismos.
- Valorar a importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.
- Recoñecer e numerar as doenzas máis frecuentes transmitidas polos microorganismos, utilizando o vocabulario axeitado relacionado con elas.
- Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio

Bloque 5. O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións

- Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio.
- Desenvolver o concepto actual de inmunidade.
- Distinguir inmunidade inespecífica e específica, así como as súas células respectivas.
- Discriminar resposta inmune primaria e secundaria.
- Definir os conceptos de antíxeno e anticorpo, e identificar a estrutura dos anticorpos.
- Diferenciar os tipos de reacción antíxeno-anticorpo.
- Diferenciar inmunidade natural e artificial, e soro e vacina.
- . Investigar a relación entre as disfuncións do sistema inmune e algunhas patoloxías frecuentes.
- Analizar e describir o ciclo do virus do VIH.
- Describir o proceso de autoinmunidade.
- Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e técnicas que se empregarán para valorar o rendemento académico do alumnado son:

A actitude. Por actitude queremos indicar: a asistencia e puntualidade, o interese, a motivación, a colaboración, a integración no grupo, respecto polas intervencións dos demais.

Expresión oral e escrita. Saber escoitar, saber expresarse en público, saber intervir, uso correcto da ortografía, claridade na presentación escrita, comprensión lectora.

Adquisición de coñecementos. Reflectirá a nota dos exames.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Avaliaranse os seguintes elementos:

Realízanse probas escritas que iran incluíndo os diferentes bloques temáticos. O temario de cada avaliación repartirase en dous parciais, sempre que sexa posible. (queda ao criterio do profesor que imparte a asignatura, dependendo da cantidade de materia impartida).

Co segundo parcial realizarase unha proba global para os alumnos que non superen a primeira.

A nota de cada avaliación obtense como media aritmética entre as dúas probas, sempre que estas se superen, con un **mínimo de 4 sobre 10**.

Ao remate da primeira e segunda avaliación farase unha recuperación para os alumnos que non superaron a materia da mesma. tendo que recuperar a materia correspondente a avaliación aínda no caso de haber aprobado algún dos exames.

A nota final obtense sumando os seguintes valores:

90% a media aritmética das tres avaliacións, sempre que esten superadas.

10% atitude, comportamento, interés, grado de atención mostrados nas explicacións e actividades realizadas na aula ou no laboratorio.

Os alumnos que non superen a materia da 1ª e 2ª avaliación, poderán facer un exame final de toda a materia, coincidindo co último exame da terceira avaliación.

Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba escrita que inclúa materia dos 5 bloques.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material necesario para realizar as prácticas de laboratorio, necesarias para acadar os obxectivos de cada bloque.

Determinación e observación de principios inmediatos en alimentos: azúcreos reductores (tinción con reactivo de Fehling), amidón (tinción con Lugol), lípidos (tinción con Sudán III) e proteínas (reacción de Biuret).

Extracción do ADN

Observación de modelos tridimensionais de azúcares, lípidos, proteínas e ácidos nucleicos

Estudio da mitose en células de raíz de cebola: Tinción con fucsina ácida e/ou orceína

Observación de bacterias: Tinción de Gram (serrapio dental, iogur)

- Vídeos animados sobre o proceso da síntese proteica

- Libros e revistas (científicas e de divulgación) sobre os seguintes temas: Proxecto xenoma humano, clonación en animais, e plantas transxénicas, e análise das súas repercusión biolóxicas, económicas e sociais.

8. TEMAS TRANSVERSAIS

Educación para o consumo

Propón:

- Crear unha conciencia crítica ante o consumo.

- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais e sociais do consumo.

- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor.

Educación para a saúde

Formula dous tipos de obxectivos:

- Desenvolver hábitos de saúde.
- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e da forma de previlas e curalas.

Educación para os dereitos humanos e para a paz

Persegue:

- Preferir a solución dialogada ou consensuada antes có conflito.
- Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e de institucións significativas.

Educación para a igualdade entre sexos

Ten como obxectivos:

- Consolidar hábitos non discriminatorios.
- Desenvolver a autoestima e a concepción do propio corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas.

Educación ambiental

Propón:

- Concienciar sobre a deterioración do medio e as causas que o producen.
- Influír nas actitudes que favorecen a conservación do medio.

Educación multicultural

Pretende:

- Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con outras culturas.

Educación vial

Propón dous obxectivos fundamentais:

- Desenvolver condutas e hábitos que melloren a seguridade vial.
- Espertar a sensibilidade ante os accidentes de tráfico e as súas repercusións económicas e sociais.

Educación para a convivencia

Pretende educar no pluralismo, en dúas direccións:

- Favorecer o diálogo como forma de solucionar as discrepancias entre individuos e entre grupos.
- Respectar a autonomía, as formas de pensar e os comportamentos doutros.

Educación sexual

Os seus obxectivos son:

- Consolidar actitudes de naturalidade e de respecto no tratamento de temas relacionados coa sexualidade.
- Adquirir información suficiente e científica de todos os aspectos relativos á sexualidade.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

De acordo co carácter non obrigatorio do Bacharelato, ca existencia de diferentes modalidades, cabe pensar que a diversidade do alumnado que curse esta disciplina sexa moito menor ca doutros niveis e disciplinas. Non obstante, comtemplouse a posible heteroxeneidade do alumnado e se levaran a cabo actividades de ensinanza aprendizaxe de diferente grao de dificultade, de maneira que poida existir unha certa adaptación ás diferencias individuais respecto ó aprendizaxe dá Bioloxía.

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

1. OBSECTIVOS XERAIS DO CURSO

- a) Recoñece-la existencia e magnitude dos problemas ambientais, como resultado da interacción entre os sistemas naturais e a sociedade humana.
- b) Comprende-lo funcionamento básico dos sistemas terrestres, as interaccións que se dan entre eles e as relacións mutuas co sistema humano.
- c) Analiza-las causas que dan lugar a riscos naturais e coñecer algunhas das medidas utilizables para a súa predicción, prevención e corrección.
- d) Avalia-los beneficios económicos procedentes dos recursos naturais, incluíndo tanto o valor directo asociado o seu consumo ou resultante da súa introducción no mercado, como os beneficios procedentes do seu papel funcional ou servicios á sociedade.
- e) Recoñece-la existencia de límites para a explotación de recursos naturais, en función da súa renovabilidade e do impacto xenerado, avaliando a sostenibilidade de diferentes alternativas de utilización.
- f) Saber utilizar certas técnicas e instrumentos de tipo químico, biolóxico, xeolóxico, de tratamento de datos e estadísticas, así como as asociadas ás novas tecnoloxías para abordar problemas ambientais.
- g) Investigar algúns problemas ambientais desde unha perspectiva científica globalizadora, recollendo datos, elaborando conclusións e propoñendo alternativas.
- h) Tomar conciencia de que a natureza ten unha capacidade de carga que limita a presión que a humanidade pode exercer, polo que debemos coñecer-lo seu funcionamento e actuar en consecuencia para asegura-lo noso benestar e o das xeneracións futuras.
- i) Mostrar actitudes de protección do medio ambiente escolar, familiar e local, criticando razoadamente medidas inadecuadas, e participar activa e reflexivamente en accións orientadas cara a súa protección.

2. COMPETENCIAS

-Comunicación lingüística(CL):

Desde a materia de Ciencias da Terra utilízase una terminoloxía formal que permitirá aos alumnos incorporar esta linguaxe e os seus termos para úsalos nos intres adecuados coa suficiente propiedade. Asemade, a comunicación dos resultados de investigación e outros traballos que fagan favorecen o desenvolvemento desta competencia. As leturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán a familiarización e o uso da linguaxe científica

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

Estas son as competencias fundamentais da materia e para desenvolvelas, os alumnos aplicarán estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigación, atopar solucións, análise de resultados, etc

-Competencia dixital (CD):

Fomentárase a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademáis de permitir que os alumnos se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información lingüística. A utilización das tecnoloxías da información para comunicarse, reecabar información, retroalimentala, obtención e tratamento de datos, te. É un recurso útil no campo das Ciencias da Terra que contribúe a amosar una visión actualizada da actividade científica

-Aprender a aprender (CAA):

A adquisición desta competencia se fundamenta no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, análise, dotes de observación,, iniciativa, creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma

-Competencias sociais e cívicas (CSC):

A aportación a esta competencia faise co traballo en grupo na resolución de actividades e co traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, solidariedade, e respecto cara as opinión dos demais. Así mesmo, o coñecemento científico é una parte imprescindible de cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formarse una opinión baseada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico

-Iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Achégase esta competencia dende a formulación de hipótesis ata a obtención de conclusións, xa que para elo é necesario a elección de recursos, planificación metodolóxica, resolución de problemas e a revisión permanente dos resultados. Isto favorece a iniciativa persoal e a motivación polo traballo organizado e con iniciativas propias

-Conciencia e expresión cultural (CCEC):

As Ciencias da Terra, mediante a elaboración de modelos que representan aspectos da natureza, a observación, a apreciación da beleza natural, a contemplación da paisaxe, ect, contribúe a conquistar habilidades prácticas que desenvolven a conciencia e as expresións culturais fomentando a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos

3. CONTIDOS (BOLQUES/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE) TEMPORALIZADOS POR EVALUACIÓN

1ª AVALIACIÓN (SETEMBRO-DECEMBRO)

Bloque 1. Medio ambiente e fontes de información ambiental

- B1.1. Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas.
- B1.2. O medio natural como sistema. Aplicación da teoría de sistemas ao sistema natural.
- B1.3. Humanidade e medio ambiente. Historia das relacións da humanidade coa natureza.
- B1.4. Recursos naturais, riscos e impactos ambientais.
- B1.5. Fontes de información ambiental.

Bloque 2. Dinámica dos sistemas fluídos

- B2.1. A radiación solar como recurso enerxético.
- B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima
- B2.3. Compoñentes da atmosfera, orixe e importancia biolóxica.
- B2.4. Capa de ozono: orixe e importancia.
- B2.5. Diminución da capa de ozono: efectos e medidas preventivas.
- B2.6. Efecto invernadoiro: relación coa vida na Terra. Causas e consecuencias do aumento do efecto invernadoiro.
- B2.7. A hidrosfera e o seu papel como regulador climático.
- B2.8. Relación das correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima e con algúns fenómenos climáticos.
- B2.9. Formación das precipitacións. Tipos de precipitacións.
- B2.10. Interpretación de mapas meteorolóxicos
- B2.11. Os riscos climáticos, causas e consecuencias. Medidas de predición, prevención e corrección.

2ª AVALIACIÓN (XANEIRO-MARZAL)

Bloque 3. Contaminación atmosférica

- B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica.
- B3.2. Medidas preventivas e correctoras da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro.
- B3.3. Factores que inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos.
- B3.4. Efectos da contaminación atmosférica segundo o seu raio de influencia.
- B3.5. Ozono troposférico e ozono estratosférico.

Bloque 4. Contaminación das augas

- B4.1. Ciclo hidrolóxico.
- B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.
